

# XXXIV MARATÓN DE FÁTIMA-CAMPELO

## Lugar, data e horarios da proba:

Sábado 13 de maio de 2023 Praza

da Granxa, Campelo – Poio

Probas de menores: 17:00h

Proba absoluta: 17:45h

## Organiza:

AA.VV. Campelo

Concello de Poio

Cronotec

## Patrocina:

Concello de Poio

## Regulamento:

- Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.
- O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.
- Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións. A participación leva implícita a aceptación do regulamento da proba.
- A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.
- A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento

## Categorías:

### Probas de menores:

Estableceranse as seguintes categorías masculinas e femininas nas probas de menores:

BIBERÓN : menores de 6 anos (Non Competitiva)

SUB8: Nados entre os anos 2016 e 2017 - 400m aprox. (Non Competitiva)

SUB10: Nados entre os anos 2014 e 2015..... 800m aprox.

SUB12: Nados entre os anos 2012 e 2013 ..... 800m aprox.

SUB14: Nados entre os anos 2010 e 2011 ..... 800m aprox.

SUB16: Nados entre os anos 2008 e 2009 ..... 1.200m aprox.

### Proba absoluta:

#### Poderán participar na proba deportistas nados no ano 2007 e anteriores

Estableceranse as seguintes categorías masculinas e femininas:

-Absoluta ..... todos os participantes.

-Veteranos..... nados en 1988 e anteriores.

## INSCRICIÓN:

Inscripcións gratuítas para todas as categorías na páxina [www.cronotec.es](http://www.cronotec.es)


Inscripcións para a andaina o mesmo día da proba na secretaría da competición ata 10 minutos antes da saída.

### Peche de inscricións o mércores 10 de maio as 23:00h.

A organización reservarase o dereito de non inscribir a que non cubra correctamente os datos requeridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

### Percorrido proba absoluta:

1 volta de .....m+ 100m de saída para un total de 7Km



## ENTREGA DE DORSAIS

Os dorsais entregaranse o día da proba na carpa da organización sita na praza da Granxa de 15h a 16:45

## PEMIOS POR CATEGORÍAS

1º/1ª Clasificado/a de cada categoría..... Trofeo  
2º/2ª Clasificado/a de cada categoría..... Trofeo  
3º/3ª Clasificado/a de cada categoría..... Trofeo

1º/1ª Corredor/alocal..... Trofeo

Todos os premios son acumulables.

Regalo conmemorativo da carreira e avituallamento final para tod@s @s atletas que rematen a proba co dorsal correctamente colocado, na zona habilitada pola organización.

## **INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA**

**-Avituallamentos:** os atletas disporán dun avituallamento final sólido e líquido ó finalizar a proba.

**-Gardarroupa:** todos aqueles que o desexen poderán facer uso do servizo gardarroupa habilitado pola organización.

**Contacto:**[cronotec1@gmail.com](mailto:cronotec1@gmail.com)